

Coñecida a sanción da CH, os socialistas de Cospeito cren que o alcalde “ten que pedir desculpas publicamente”, e que se demostra que “non temos un alcalde que traballa, senón que derrocha os cartos públicos”

“Cando lle presentamos este asunto no Pleno, a actitude do alcalde foi chulesca e prepotente, chegando incluso a desprestixiar o traballo que facemos a Oposición. Cremos que ten que rectificar”, insisten

Rosa Morán subliña que a penalización interposta á entidade local é a proba de que “os socialistas non estabamos equivocados e que as denuncias que fixemos hai tempo eran reais e obxectivas”

Considera que, neste asunto, “o rexedor é o único responsable desta situación”, e pídelle que “se deixe de alegacións e que asuma a súa responsabilidade, xa que se as cousas se fan ben, o resultado é bo”

COSPEITO, 30 DE XANEIRO DE 2015.- O grupo municipal do PSOE de Cospeito subliña que a sanción interposta por parte da Confederación Hidrográfica á entidade local demostra que “os socialistas non estabamos equivocados e que as denuncias que fixemos hai tempo eran reais e obxectivas”. E é que, en setembro de 2012, a voceira de PSOE neste municipio –Rosa Morán– xa alertara desta situación. “Tal e como dixemos naquel momento, non estamos a falar dun problema puntual como segue dicindo o alcalde, pois cada vez que chegan as crecidas, estes residuos, sen tratamento algún, acaban na Lagoa e provocan un problema ambiental de gran calado”.

Por tanto, para os socialistas, neste asunto “só hai un culpable. O alcalde é o único responsable desta situación. A súa mala xestión, á que xa nos ten acostumados, é a que motiva que en Cospeito chegarmos a este punto”. Por iso, pídelle ao rexedor que “se deixe de xustificacións e que asuma a súa responsabilidade, xa que se as cousas se fan ben, o resultado é bo”. Rosa Morán fai estas declaracións porque, cando o PSOE lle presentou este asunto no Pleno, a actitude do alcalde “deixou moito que desexar. Foi unha actitude chulesca e prepotente, chegando incluso a desprestixiar o traballo que facemos a Oposición. Agora, visto o resultado, cremos que ten que pedir desculpas publicamente tanto a nós, pero, sobre todo, aos veciños”, insiste.

“Derroche dos cartos públicos”

“Nin temos un alcalde que traballa, nin temos un alcalde que xestiona”, afirma. “O único que temos é un alcalde que derrocha os cartos públicos”. Proba delo, destaca, é que o rexedor gastou 1,5 millóns de euros nunha nova EDAR que aínda non foi quen de poñer en marcha e que, a vella, está totalmente desmantelada. “Esta é a razón pola que os residuos urbanos xerados en Feira de Monte verten directamente no río Guisande”, suliña a voceira do PSOE. “O alcalde ten que deixarse de mentiras. Os veciños de Cospeito non merecen este ninguneo. É un insulto á súa intelixencia e unha falta de respecto absoluta”, conclúe.